

GUÍA DE ACTIVIDADES
EDUCACIÓN PRIMARIA

“© monte vivo”

O HOME DO LUME



XUNTA DE GALICIA

CONTO “O HOME DO LUME” E GUÍA DE ACTIVIDADES EDUCACIÓN PRIMARIA

O proxecto **“O monte vivo”** consta dunha unidade didáctica para primaria, proxeccións audivisuais: primaria, secundaria, poboación rural e poboación xeral. Guías do/a profesor: primaria, secundaria, poboación rural e poboación xeral. E un manual técnico para o/a profesor/a

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

Coordinación do proxecto: Subdirección Xeral de Prevención e Defensa
contra os Incendios Forestais

Autor: Consultoría Natutecnía S.L.

Ilustracións: Consultoría Natutecnía S.L.

Maquetación: Consultoría Natutecnía S.L.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Imprime: Gráficas Garabal

Dep. Legal: C 7-2013

PROXECTO
“O Monte Vivo”
Guía de Actividades para alumnos
de educación primaria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Santiago de Compostela
2012



PROXECTO

“O Monte Vivo”

O programa LIFE é o instrumento financeiro da Unión Europea destinado a apoiar proxectos relacionados coa conservación da natureza e o respecto ao medio. Neste caso concreto, o Proxecto “O monte vivo” ten como principal obxectivo cambiar determinados comportamentos da poboación en relación cos incendios forestais, mediante a participación activa e responsable da cidadanía na protección dos bosques. E, ao mesmo tempo, permite que se tome conciencia do seu uso sustentable para contribuír á protección da biodiversidade, co fin último de acadar unha redución do número de lumes de orixe intencionada ou negligente.

A campaña céntrase en incrementar a concienciación sobre os incendios forestais e a súa influencia sobre o equilibrio ecolóxico, as perdas que supón en canto á diminución da biodiversidade, da capacidade produtiva do monte, da calidade das augas ou do lecer. Ademais, explícanse cales son as principais causas dos incendios, as medidas de prevención, a regulación do uso do lume e a necesidade da participación da cidadanía na conservación do medio natural.

Concienciación

As accións que se levan a cabo dentro deste proxecto fan fincapé nas campañas para aumentar a concienciación, que, por unha banda, van dirixidas á poboación escolar dos centros educativos de Galicia, a través de actividades presenciais, traballos do alumnado con ferramentas web e a participación en concursos de debuxo e redacción, no caso de que se convoquen.

Por outra banda, véñense organizando actividades dirixidas aos propietarios forestais e á poboación das áreas rurais en xornadas técnicas, presenza en talleres, feiras como Expo Ordes, a Internacional de Silleda, Galiforest, etc.


Tamén se realizan cursos en liña de formación orientados aos axentes forestais da Consellería do Medio Rural e do Mar, para a mellora da divulgación da prevención e defensa contra os incendios forestais, a través dunha actualización de coñecementos técnicos e da potenciación das habilidades comunicativas.

A través do enlace <http://onosomonte.mediorural.xunta.es> atopamos máis información sobre o proxecto LIFE.

Os obxectivos desta acción formativa son:

- Comprender os valores do monte, tanto a nivel económico, social como ambiental, e a importancia da súa integración no medio rural
- Sensibilizar sobre a problemática dos incendios forestais e os seus efectos negativos
- Reflexionar sobre se os incendios forestais son un problema de todos





Vou contarvos a historia de Anxo, un neno de 9 anos, que vive cos seus pais e os seus avós nunha aldea de Galicia preto dun bosque verde, moi bonito e cheo de árbores.

Eles viven nunha casa de pedra, e ao carón pásalles o río. Aquel río enche de vida o lugar



Anxo: Os meus pais traballan todo o día no campo, coidan dos animais, sacan a pacer as vaquiñas, e dependendo da tempada teñen que sementar, recollen, e moitos traballos máis. Eu axúdoos sempre que podo. Porque como eles din non hai como comer os nosos chourizos, xamón, ter os nosos ovos, verduras fresquiñas e o leite da casa, e paga a pena.

Grazas a iso os seus pais aforran moitos cartos, e non teñen que ir moito á tenda a mercalos.



Anxo é moi curioso e gústalle ir todas as tardes ao monte a xogar cos bichiños e os animalíños. Polo xeral atopa: vacalouras, abellas, grilos, bolboretas, xoaniñas, cantariñas, saltóns e libélulas.


Anxo: Às veces tamén busco follas das diferentes árbores, pois o meu pai aprendeume todos os nomes delas cando eu era máis pequeno.





Un día, Anxo volvía da escola, e foi dar un paseo polo monte, estaba concentrado vendo un grilo, e de súpeto... despistouno un ruído, soaba lonxe...parecía o berro dun neno. El que é moi curioso, seguiu o ruído, camiñou, camiñou e camiñou, e cando se decatou o bosque escurecía, o chan... eran cinzas! as árbores estaban queimadas! e... non había animalíños!

A medida que o neno camiñaba o choro facíase máis forte, xa non parecía o berro dun neno pequeno... De súpeto... Anxo viu nunha pedra unha bolina verde... Cando se achegou viu que a bolina era un trasno do bosque, e faloulle.



Anxo: Ola!, eu chámome Anxo e vivo na aldea do lado... pasouche algo?
Estás ben?

Forestiño: Snif, snif. Ola Anxo, eu chámome Forestiño, estou moi triste

Narrador: Contestou cos ollos cheos de bágoas e cunha voz moi rouca...

Forestiño: Snif, snif. Os incendios forestais pónenme moi triste, ti sabes o
que é iso?... Un incendio é: "Un lume que escapa polo monte"





Anxo: E ti, como sabes tanto diso?

Forestiño: É que eu son un trasno protector do medio, son o encargado de coidar da natureza e dos animais, pero agora queimouse todo e quedei sen os meus amigos, nin alimentos que comer, pois eu aliméntome de mel, cogomelos, raíces e froitos.

Seguían a falar, e o neno preguntoulle:

Anxo: E ti sabes quen o puido facer?

Forestiño: Un incendio forestal pode producirse por moitas causas, vouche explicar un pouco.


Pode ser porque cae un raio, ou por descoidos das persoas cando fan fogueiras, tiran cabichas, ou cando queiman lixo ou pastos. Pero esta vez foi un home a quen non lle gusta a natureza, nin ver as árbores verdes, e tampouco lle importa que os animais do bosque queden sen casa.





Forestiño continúa explicando...

Forestiño: A ese mal señor chámalle o Home do Lume, e leva un saco ás costas cheo de bólas de lume. Din que é fino como un allo, agarda que faga calor, a que pasen moitos días sen chover, para poñer o seu lume nas follas secas, e así fai arder o monte...



Anxo: Que medo! Síntoo moito por ti e os teus amigos, pero tamén teño medo que vaia á miña casa e prenda lume nas nosas terras... onde iamos vivir? É moi perigoso! Meus pais poríanse tristes, perderían a horta, as vacas ou os porcos.



Anxo: Como podemos facer para que a nós non nos pase iso?

Forestiño: Temos que collelo! e lembra que tamén temos que coidar o monte para que non arda. AXÚDASME?

Anxo: Claro que che axudo...non quero que arda a miña aldea!



Camiñaron cara á aldea de Anxo, seguen a falar, e o neno, que é moi curioso, pregúntalle...

Anxo: E como o Home do Lume lle prendeu lume á vosa aldea?

Forestiño: Porque tiñamos algúns camiños sen limpar, e cando as árbores e os camiños están así as bólas de lume saltan moi fácil de póla en póla.

E mira alí arriba! Tiñamos árbores como esas, que estaban sen podar. © Home do Lume aproveitase diso para que as súas bólas de lume fagan moito dano á natureza.

Tamén anda en busca de zonas sen rozar e moreas de lixo que axudan a arder.



Anxo: E quen apagou o lume na túa aldea?

Forestiño: Despois de que o Home do Lume sacara as bólas do saco e as tirara polo chan, empezou a arder todo moi de prêsa, había moito vento. Entón chamamos ao 085 para dar o aviso de incendio, e tivemos que dicir o lugar onde estaba a arder. Nuns intres chegaron os axentes forestais, trouxeron camións cisterna, helicópteros e avións que botaban auga para apagar o lume. Tamén viñeron as brigadas, cuns traxes especiais, batelumes, rozadoras, motoserras e outras ferramentas...Gastáronse moitos cartos para poder apagalo.




Seguían a camiñar vendo as árbores podadas dun terreo moi coidado, e de súpeto viron unha sombra...era o Home do Lume que estaba en busca dun bo lugar para facer unha falcatuada!! Forestiño: - Anxo, mira para alí!, entre o mato...!

Anxo: É o Home do Lume! e vai cara á miña aldea...!

Forestiño: Corre, corre, Anxo, corre e non fagas ruído, acabáseme de ocorrer un plan...pero temos que chegar antes ca el onde está a ponte. Axúdame a coller todo o lixo que atopemos. Confía en min!

Con todo o lixo que recolleron fixeron unha morea moi grande ao outro lado da ponte, e sentaron a agardalo detrás dunha árbore.

De lonxe o Home do Lume notou un cheiro e foi tras del.



Home do Lume:- Lixo!!! ...Perfecto!


Seguirei o cheiro, e prenderei lume!

Hahahahah



Foise guiando polo seu olfacto, chegou á ponte, e correu xa preparando unha das súas bólas de lume para prender o lixo. Estaba tan contento que non se decatou que era unha trampa.

Mentres corría, Forestiño e Anxo aproveitaron para cortar a ponte.





© Home do Lume caeu ao río! E todas as bólas de lume se apagaron ao caer na auga, e berraba:

Home do lume: - VOLTAREI, VOLTAREI, E CANDO DESCOIDEDES O MONTE, LUME METEREI...

© que non sabía era que máis abaixo, na beira do río, agardaban os axentes forestais con redes para collelo e metelo na cadea por todas as falcatuadas que cometera.






Forestiño e Anxo abrazábanse da ledicia...e saltaban moi contentos... Recolleron todo, levárono aos colectores de lixo e amañaron a ponte.

Forestiño: Grazas Anxo, sen ti non o tería feito!

Anxo: Non tes por que darme as grazas... Foi o mellor para todos. Se queres podes quedar a vivir neste monte. Tes que axudarnos a mantelo limpo, non quero que volva o malvado Home do Lume.

Forestiño: Prométoche que así o farei! Ou mellor dito, farémolo xuntos!






E COLORÍN COLORADO O HOME DO LUME
POR FACER DANO Á NATUREZA QUEDOU
ENCARCERADO....

FIN



GUÍA DE ACTIVIDADES

EDUCACIÓN PRIMARIA



OS INCENDIOS FORESTAIS



ACTIVIDADE: ALIMENTOS DA HORTA E DA CASA

ficha
1

1.- Que vantaxes ten vivir na aldea?

2.- Onde se vive con máis tranquilidade, na cidade ou no rural?

Por que?

3.- No recadro debuxa polo menos 7 alimentos do horto da casa dos teus pais, avós ou dalgún coñecido



4.- Escribe as cousas que che gustan da cidade e do rural

Da cidade:

Do rural:

5.- Quen produciría os alimentos que precisamos para vivir se toda a xente abandonara o rural?



ACTIVIDADE: BICHÍÑOS DO BOSQUE



ficha 2

ENCrucILLADO

INSTRUCCIÓN

Enche o encrucillado co nome dos bichíños que podes atopar nun bosque galego

REGRAS

1.- As palabras deben colocarse letra por letra, en vertical ou horizontal.

1.- O sentido para escribilas será de esquerda a dereita ou de arriba a abaixo.

Horizontais

Nº __ Bolboreta

Nº __ Abella

Nº __ Xoaniña

Verticais


Nº __ Grilo

Nº __ Cantariña

Nº __ Vacaloura

Nº __ Libélula

Nº __ Saltón



RESPOSTA NA PÁXINA 48



ACTIVIDADE: ÁRBORES MÁIS COMÚNS EN GALICIA

ficha
3

Cunha liña completa o percorrido para responder o nome das árbores, as súas follas e, se ten, tamén os seus froitos

1	2	3	4	5	6	7	8
AMENEIRO	CERDEIRA	PRADAIRO	BIDUEIRO	FREIXO	CASTIÑEIRO	CARBALLO	ACIVRO



ACTIVIDADE: ANIMAIS COMÚNS NUN BOSQUE NON QUEIMADO

Fai un debuxo dunha paisaxe despois dun incendio axudándote dos efectos que se describen na táboa



Pensas que un incendio sempre ten consecuencias negativas? Por que?



ficha 4

Nun incendio morren moitos animais, e os que non morren emigran a outros lugares debido á perda de refuxio e comida

efectos do lume

- Desaparición da cuberta vexetal
- Desaparición de animais a outros lugares debido á perda de refuxio e comida
- Diminución temporal do valor paisaxístico da zona
- Crecemento do pasto polas cinzas que serven de alimento aos herbívoros
- Aumento da erosión do solo
- Contaminación das augas debido ao arrastre do solo pola auga, sobre todo en zonas de ladeiras
- Diminución dos recursos naturais (madeiras, froitos, caza, leña, etc.) e danos en bens particulares

ADIVIÑAS

1.- Sae ao campo polas noites, se me queres coñecer, son señor de grandes ollos cara seria e grande saber.

2.- Ten as orellas longas, ten a cola pequena, críase nos currais e no monte ten covas.

3.- Zumba que te zumbarás, van e veñen sen descanso, de flor en flor traxinando e a nosa vida adoando.

4.- Voando no aire e bicando as flores apaga a súa vida de luz e de cores.



RESPOSTA NA PÁXINA 50



ACTIVIDADE: ALIMENTOS DO BOSQUE

ficha 5

Completa os nomes dos alimentos do bosque que se amosan nas imaxes. Nos axudámosche con algunhas letras.



_ _ _ e _



a _ _ _ s



a _ _ _ _ s



é _ _ _ _ _




_ o _ o _ _ _ s



_ _ _ _ _ a s



_ _ _ _



_ _ _ _ _ o e s _ _



a b _ _ _ _

ADIVIÑA

1. - Sodes de cor chocolate
abrandádesvos á calor
e se vos meten no forno
explotades con gran furor.

RESPOSTAS NA PÁXINA 50

Fixate que onde hai
plantados castiñeiros e
piñeiros hai cogomelos,
arandos e amoras
debaixo deles.



O monte cumpre tres grandes funcións: a protectora, a produtora e a social.

A protectora coa fixación do carbono e xeración de O_2 pola fotosíntese, a regulación das augas, inflúe positivamente sobre o clima e axuda na conservación dos solos, porque coas raíces, as plantas fixan a terra e impiden que a leven as choivas.

Ao mesmo tempo o monte ten unha función produtora coa xeración de produtos que medran no monte ou grazas a el. Como poden ser os cogomelos, os froitos como as moras, as plantas medicinais, a caza e a pesca e por suposto a madeira coa que se constrúen casas, mobles, e incluso se fai o papel.

Tamén ten unha función social, porque mellora a nosa calidade de vida e proporciónanos actividades de lecer e aproveitamento dos recursos naturais.





ACTIVIDADE: ANIMAIS DA GRANXA

ficha 6

ATOPA AS 7 DIFERENZAS

Estas son dúas imaxes de animais dunha granxa; aparentemente son iguais, pero existen sete erros que as diferencian. Saberías descubrilos?



ADIVIÑAS

1.- Crieime no campo dando berros como tola, atáronme de pés e mans para quitarme a roupa.

2.- Adiviña, adiviñanza cal é a ave que pica na granxa?

3.- Teño de rei a cabeza calzo espora pavonada, levo barba colorada, o meu sono cedo comeza e madrugo á alborada.

RESPOSTAS NA PÁXINA 51



ACTIVIDADE: COMO PREVIR OS INCENDIOS FORESTAIS

ACTIVIDADE: Que non podemos facer no monte para previr os incendios forestais? Relaciona cunha frecha a frase co sinal que o represente



Lanzar foguetes, globos ou calquera outro obxecto que poida producir lume



Utilizar lume na práctica apícola se vai vento



Botar mistos ou cabichas

Utilizar maquinaria ou ferramentas que poidan producir chispas

Facer fogueiras en época de risco de incendio

Botar lixo, deixar botellas de vidro no monte



Ti que pensas que é mellor? Que o monte estea coidado e que o utilice a xente ou que estea abandonado e descoidado?

RESPOSTA NA PÁXINA 52



A mellor arma para loitar contra o incendio forestal é ter un monte ordenado, rendible e respectuoso coa paisaxe, coa cultura e co medio.

Galicia presenta un forte desequilibrio territorial con áreas en crecemento poboacional que se traduce na introdución das novas urbanizacións nos montes; e, por outra banda, con espazos cun envellecemento e declive da súa poboación que xera o abandono do rural e o conseqüente perigo para os núcleos de poboación.

Estas tensións deben ser aliviadas con políticas de prevención, de ordenación do territorio e de valorización integral do monte. Estas políticas só poden ter efecto a medio e longo prazo coa corresponsabilización da administración e da cidadanía na aplicación das normas que permiten, ante todo, garantir a seguridade das persoas e dos seus bens.

- Fai unha pequena enquisa entre familiares e amigos/as para coñecer as posibles causas dos incendios

- Pregunta na túa familia se antes se producían tantos como na actualidade

"COIDA O MONTE"

Hai que manter limpas de vexetación as beiras dos camiños e impedir que as pólas das árbores pasen enriba do camiño



ACTIVIDADE: MEDIOS USADOS NA EXTINCIÓN DUN INCENDIO FORESTAL

ficha
8



Atopa nesta sopa de letras as palabras relacionadas co traxe de intervención dun axente, os medios de extinción e algunhas ferramentas usadas na extinción do lume...

SORTE!

p	h	l	z	a	d	n	u	f	o	j	d	c	p
a	i	m	o	v	b	r	i	s	e	h	a	a	a
n	d	w	p	o	a	a	h	a	t	j	r	s	b
r	r	i	m	o	t	v	l	b	o	v	r	c	r
e	o	b	a	r	e	k	u	m	g	t	e	o	i
t	a	i	c	e	l	a	v	o	e	i	s	r	g
s	v	k	h	t	u	p	a	b	d	c	o	o	a
i	i	s	a	p	m	a	s	o	o	e	t	t	d
c	o	a	d	o	e	r	h	t	h	j	o	c	a
z	n	l	a	c	s	a	v	u	c	e	m	a	s
b	j	u	k	i	o	c	l	a	a	z	d	r	s
y	p	p	b	l	k	s	z	e	f	a	w	t	s
f	o	u	c	e	m	a	g	j	f	d	h	p	t
k	o	u	t	h	a	m	i	a	d	a	x	i	e

casco
luvas
funda
máscara
motoserra
batelumes
machada
fouce
eixada
pulaski
pa
cisterna
helicóptero
hidroavión
brigadas
tractor
autobomba
facho de goteo



RESPOSTA NA PÁXINA 52



As tarefas de extinción dun incendio van encamiñadas a eliminar un ou varios dos compoñentes do lume:

- As que actúan sobre a calor: a auga é un medio moi eficaz que actúa arrefriándoa.
- Sobre o oxíxeno: como, por exemplo, os batelumes que actúan desprazando o aire.
- Sobre o combustible: eliminándoo ou diminuíndoo mediante o emprego de rozadoras, motoserras ou fouces.





ACTIVIDADE: OS GASTOS DUN INCENDIO

ficha
9



1 hora de traballo dun hidroavión
do Ministerio de Agricultura,
Alimentación e Medio Ambiente:
5.000 euros
1 hora de traballo dun helicóptero:
1.500 euros
1 autobomba: **57.000 euros**
1 vehículo lixeiro, pick-up:
30.000 euros
1 hora de traballo: **18 euros**

GALICIA gasta, hoxe en
día, arredor de setenta
millóns de euros en
apagar o lume,
diñeiro que se podería
utilizar no benestar
das persoas e en
infraestruturas

investiga...



- En que época do ano se producen os incendios?
- Saberías que facer en caso de atopar un incendio?
- A quen tes que chamar?
- Investiga quen lles paga aos equipos que traballan apagando o lume
- Onde collen auga os helicópteros e avións que se dedican a apagar incendios?
- Sabes cantos litros poden levar cada vez? Busca información
- A que se poderían destinar os cartos dos incendios se en vez de apagalos se previniñesen para que non os houbera?

A responsabilidade é de todos ...

A verdade é que hai moi poucas cousas en común entre o monte que ardeu e o que non; no que ardeu non hai bichos; non hai nin saltóns, nin vacalouras como hai no pasteiro e non ves animais grandes, pois os corzos e os raposos non andan por esa zona.

Todos e todas temos parte de culpa nese incendio, porque nunca prestamos a suficiente atención. Moitas veces tiramos lixo no chan cando imos no coche, lixo que ao final pode facer que prenda o lume. Os maiores tiran as cabichas do tabaco na terra....

Un nunca sabe o que vai pasar até que pasa; por iso é tan importante que nos deamos conta de que para controlar os incendios nós tamén somos importantes.





ACTIVIDADE: EN CASO DE INCENDIO ...

ficha **10**

Esta casa está en perigo de incendio? Por que?

Marca cun círculo o que non debería estar neste debuxo para que a casa estivese a salvo dun incendio.



En caso de incendio, se estás no monte... Relaciona cunha frecha a frase co sinal que o represente



Nunca fuxas do lume costa arriba cando o lume suba pola ladeira; tenta pasar á zona queimada ou buscar unha zona limpa e segura.



Non busques refuxio en covas onde o oxíxeno se pode acabar rapidamente nin en zonas fondas onde se poida acumular o fume.



Utiliza un pano seco para protexer o nariz e a boca; así poderás respirar mellor.



Chama ao **085** ou **112** para dar o aviso de incendio.



Se estás en grupo, non te separes del.

Lembra...

Hai que ter o monte limpo e arranxadiño. As toxadeiras e as xesteiras non poden medrar como elas queiran, hai que controlalas e facer que non se estendan por todo o monte, se non iso ao final prende, e sobre todo hai que previr os incendios, para non ter que apagalos.

Pasa o mesmo que cos dentes. Lavamos os dentes para non ter caries e non para empastar as moas!

Cando o monte arde non só saen prexudicados os propietarios ou os habitantes da aldea onde ocorre, senón que todo o mundo sae prexudicado; pois o monte é o noso pulmón verde, é onde se rexenera o oxíxeno e ten un gran valor, non só ambiental senón tamén económico, pois o monte vale... o seu peso en ouro.

**COIDA E
ORDENA
O MONTE**



ACTIVIDADE: O LIXO NO SEU LUGAR

ficha

11

Axuda a Anxo e a Forestiño a clasificar o lixo e devolvelo aos seus respectivos colectores.

COLECTOR CARTÓN E PAPEL:



CAIXAS DE CARTÓN

COLECTOR VIDRO:



COLECTOR XENÉRICO:



COLECTOR PLÁSTICO:



Que outros colectores de lixo coñeces?

Pregunta aos teus pais onde se deben tirar os electrodomésticos?



MONECO CRECE PELO

QUE NECESITAS?


- 1 media de cor beixe
- 1 cunca ou un testo pequeno
- Cordel
- Terra de xardín
- Sementes de céspedes

- Alpiste ou trigo
- Teas de cores
- Tesoiras
- Cola



COMO SE FAI?

- 1.- Coloca as sementes na parte baixa da media, con coidado que queden todas xuntiñas.
- 2.- Logo tes que encher a media con terra de xardín húmida.
- 3.- Ata o extremo da media cun nó.
- 4.- Debuxa nas teas os ollos e a boca, recorta e pega.
- 5.- Coloca o moneco no testo pequeno cunha pouca auga, coas sementes cara a arriba, e déixao nun lugar no que lle dea o sol.



**Proba a facerlle
nariz e orellas.
Atrévete
a facerlle
diferentes cortes
de pelo!!**

LEMBRA...



Regar a cabeza con auga todo os días e ... **AGARDA A QUE LLE CREZA O PELO!**







ACTIVIDADE: LABIRINTOS

ficha
13


LABIRINTO 1.- Axuda a Anxo a atopar o caracol




LABIRINTO 2.- A Anxo encántanlle as cenorias. Podes axudalo a encontrar unha?



LABIRINTO 3.- Unha travesa abella marchou coa mel de Forestiño. Axúdao a recuperala



LABIRINTO 4.- Axuda a Anxo e a Forestiño a coller o home do lume





OBRADORIO: ÁRBORES MÁIS COMÚNS EN GALICIA

ficha


14

Podes facer un sementeiro ou plantar unha árbore no monte! ... Se o precisas podes buscar máis información na internet, nalgún libro ou preguntando na casa. **Seguro que o vas pasar moi ben**

CONSELLOS PARA A PLANTACIÓN DUNHA ÁRBORE NO MONTE...



1.- Realizar unha plataforma removendo a terra no lugar da plantación a unha profundidade suficiente.



2.- No centro da plataforma abrir un burato duns 15 centímetros, no cal se introducirá a planta verticalmente protexendo o terrón coa man para non danalo.



3.- Tapar o terrón coa terra previamente extraída do burato, coidando que quede totalmente cuberto pero sen enterrar as follas ou parte do talo.



4.- Presionar suavemente a terra ao redor da planta para evitar que queden ocos en contacto co terrón.



5.- E agora xa temos a nosa árbore preparada para medrar!



E COMO SEMENTAR?



1.- No envase deposita un pouco de terra ou substrato (no caso de dispoñer de pastilla, enchoupa esta en auga morna e deixa que se expanda para obter o substrato).



2.- Coloca a semente e cúbreala cunha capa de terra de 1 a 2 veces o seu tamaño. Para multiplicar as posibilidades de nacemento da árbore, coloca dúas sementes.



3.- Unha vez rematado o proceso anterior, rega e deixa o envase nun lugar fresco e con luz.



4.- Pon o testeo a media sombra e lembra que o substrato ten que manterse sempre húmido, polo que deberás regar axeitadamente.

Razóns para plantar unha ÁRBORE

As árbores funcionan como enormes pulmóns nas cidades.

Mediante o proceso da fotosíntese captan o dióxido de carbono (CO_2) da atmosfera e liberan oxíxeno necesario para a vida do resto dos seres vivos.

O CO_2 é un dos gases invernadoiros, polo que aumentar a cantidade de árbores no planeta axuda a diminuír a cantidade de gases responsables do cambio climático, que indefectiblemente conduce ao quentamento global.

Aquí van 7 razóns para que plantes árbores e colabores a reducir o impacto sobre o planeta.

1 As árbores diminúen a contaminación.

2 Oxixenan o aire.

3 Refrescan o ambiente.

4 Reducen a contaminación sonora.

5 Son pequenos ecosistemas.

6 Interven no ciclo da auga.

7 Protexen o solo.

Importante

Planta especies autóctonas, deste xeito contribuirás a manter vivas as especies típicas




ACTIVIDADE: QUE PODES FACER PARA PREVIR OS INCENDIOS FORESTAIS?

ficha
15



Como cres que se poden previr os incendios forestais? Escribe os teus consellos dentro dos recadros da árbore

RESPOSTAS DAS ACTIVIDADES



OS INCENDIOS
FORESTAIS

FICHA 2 ENCRUCILLADO

HORIZONTAIS

Nº 7 Bolboreta
Nº 5 Abella

Nº 8 Xoaniña


VERTICAIS

Nº 6 Grilo
Nº 4 Cantariña

Nº 1 Vacaloura
Nº 2 Libélula

Nº 3 Saltón

FICHA 3 ÁRBORES COMÚNS EN GALICIA



1. Cerdeira (*Prunus avium*). Árbore frecuente en Galicia, cun elevado valor paisaxístico pola súa floración e a coloración no outono. Medra en solos soltos e profundos, ben drenados.

Descrición: árbore de folla caduca de ata 20 m. Follas serradas, na unión co pecíolo leva dúas glanduliñas avermelladas. Florece en primavera e o froito, a cereixa, madura en maio e xuño. Serve de alimento á fauna.

RESPOSTAS
ficha 3



2. Acivro (*Ilex aquifolium*). Localizado en toda Galicia, sobre todo nas fragas. Medra ben en terreos frescos, incluso á sombra. Resiste os rigores do inverno.

Descrición: hai pés machos e femias, é un arbusto perenne que pode chegar aos 10 m; as follas son verdes escuras coa marxe ondulada ou espiñenta. Florece na primavera con flores brancas e dá froitos vermello no inverno que serven de alimento aos paxaros.



3. Ameneiro (*Alnus glutinosa*). Aparece en toda Galicia, en bosques de ribeira. Require o contacto case permanente das raíces coa auga.

Descrición: árbore de folla caduca que pode chegar ata 20 m. Follas redondeadas coa beira sinuosa, os froitos parecen pequenas piñas. É capaz de fixar nitróxeno atmosférico pola asociación das súas raíces con bacterias.



4. Pradairo (*Acer pseudoplatanus*). Frecuente no norte e leste de Galicia. Medra ben en solos frescos e profundos de ladeiras e vales de montaña. Moi cultivado como árbore de sombra en parques e avenidas.

Descrición: árbore de folla caduca que pode chegar ata 30 m, con casca de cor gris e follas palmeadas con pecíolos longos de cor vermella ou amarela rosadas.



5. Carballo (*Quercus robur*). Árbore frecuente nos vales galegos e bosques de ribeira, medra en solos profundos e frescos. Require un clima húmido, con pouca seca estival.

Descrición: árbore de folla caduca de ata 40 m. Os froitos son as landras; saen cando a árbore, maduran en setembro e caen en outubro.



6. Castiñeiro (*Castanea sativa*). Árbore moi común en Galicia, tanto en forma domesticada (nos soutos) coma silvestre (nas fragas). Gusta de solos frescos, soltos e profundos, sen fortes secas estivais nin xeadas invernaís.

Descrición: árbore caduca de ata 30 m de altura, con follas grandes, alongadas e marxe serrada. Os froitos son as castañas, moi apreciados e nutritivos; maduran en outubro.



7. Freixo (*Fraxinus excelsior*). Árbore moi frecuente en Galicia, en solos xeralmente profundos e frescos, ricos en substancias nutritivas.

Descrición: árbore caduca de ata 35 m de altura, con casca de cor gris, follas dentadas de envés peludo e xemas de cor negra aveludadas.



8. Bidueiro (*Betula pubescens*). Árbore moi abundante en Galicia, sobre todo nas provincias da Coruña e Lugo. Aparece sobre todo nas marxes dos ríos e ladeiras húmidas. Medra ben en terreos ácidos, soltos e con gran permanencia de humidade. Resiste os fríos intensos, ventos e nevadas.

Descrición: árbore caduca de ata 15 m de altura, con casca de cor branca moi característica que se fende transversalmente. As follas teñen forma triangular coa marxe serrada.

FICHA 4 ADIVIÑAS

1.- Sae ao campo polas noites,
se me queres coñecer,
son señor de grandes ollos
cara seria e grande saber.



1.- O bufo

2.- Ten as orellas longas,
ten a cola pequena,
críase nos currais
e no monte ten covas.



2.- O coello

3.- Zumba que te zumbarás,
van e veñen sen descanso,
de flor e flor traxinando
e a nosa vida adoando.



3.- As abellas

4.- Voando no aire
e bicando as flores
apaga a súa vida
de luz e de cores.



4.- A bolboreta

FICHA 5 ALIMENTOS DO BOSQUE



noces



amoros



arandos



érbedos



cogomelos



castañas



mel



framboesas



abelás

ADIVIÑA

1.- Sodes de cor chocolate
abrandádesvos á calor
e se vos meten no forno
explotades con gran furor.

1.- A Castaña

FICHA 6 AS SETE DIFERENZAS



ADIVIÑAS

1.- Crieime no campo
dando berros como tola,
atáronme de pés e mans
para quitarme a roupa.



1.- A ovella

2.- Adiviña, adiviñanza
cal é a ave
que pica na granxa?




2.- A galiña

3.- Teño de rei a cabeza
calzo espora pavonada,
levo barba colorada,
o meu sono cedo comeza
e madrugo á alborada.



3.- O galo

FICHA 7 COMO PREVER OS INCENDIOS FORESTAIS



FICHA 8 MEDIOS USADOS NA EXTINCIÓN DUN INCENDIO FORESTAL

p	h	l	z	a	d	n	u	f	o	j	d	c	p
a	i	m	o	v	b	r	i	s	e	h	a	a	a
n	d	w	p	o	a	a	h	a	t	j	r	s	b
r	r	i	m	o	t	v	l	b	o	v	r	c	r
e	o	b	a	r	e	k	u	m	g	t	e	o	i
t	a	i	c	e	l	a	v	o	e	i	s	r	g
s	v	k	h	t	u	p	a	b	d	c	o	o	a
i	i	s	a	p	m	a	s	o	o	e	t	t	d
c	o	a	d	o	e	r	h	t	h	j	o	c	a
z	n	l	a	c	s	a	v	u	c	e	m	a	s
b	j	u	k	i	o	c	l	a	a	z	d	r	s
y	p	p	b	l	k	s	z	e	f	a	w	t	s
f	o	u	c	e	m	a	g	j	f	d	h	p	t
k	o	u	t	h	a	m	i	a	d	a	x	i	e

FICHA 10 COMO PREVER OS INCENDIOS FORESTAIS



HAI QUE MANTER OS ARREDORES DA CASA E OS TERREOS LIMPOS DE RESTOS E MALEZAS PARA IMPEDIR QUE O LUME SE PROPAGUE E CHEGUE Á TÚA CASA

En caso de incendio, se estás no monte...



Nunca fuxas do lume costa arriba cando o lume suba pola ladeira; tenta pasar á zona queimada ou buscar unha zona limpa e segura.



Non busques refuxio en covas onde o oxíxeno se pode acabar rapidamente nin en zonas fondas onde se poida acumular o fume.



Utiliza un pano seco para protexer o nariz e a boca; así poderás respirar mellor.



Chamar ao **085** ou **112** para dar o aviso de incendio.



Se estás en grupo, non te separes del.

FICHA 11 O LIXO NO SEU LUGAR

COLECTOR DE CARTÓN E PAPEL

- Papel e cartóns limpos
- Xornais e revistas

Non botar: papel de celulosa (panos)

COLECTOR DE VIDRO

- Tarros, frascos e botellas de vidro

Hai outros materiais, como poden ser a cerámica ou outros tipos de vidro (vasos, cristais de ventás, etc.), que ao ter unha composición distinta á do vidro dos envases, deben ser depositados nos puntos limpos dos pobos e cidades

COLECTOR DE PLÁSTICO

- Botellas de plástico que conteñan alimentos
- Botes de plástico de produtos de aseo ou limpeza
- Latas de conservas e de refrescos
- Briks de leite, viño, zumos
- Papel de aluminio, plástico film (plástico de cociña para envolver)
- Bandexas de porexpán ou cortiza branca
- Redes de envoltorios de froitas ou verduras
- Bolsas plásticas


COLECTOR XENÉRICO

- Restos orgánicos
- Cueiros, compresas
- Papel e cartón manchados de graxa
- Bombillas, espellos, louza rota
- Bolígrafos, xoguetes de plástico
- Calquera material distinto de envases de plástico, latas e briks, envases de vidro, papel ou cartón limpos


PUNTOS LIMPOS

- Frigoríficos e resto de electrodomésticos (lavadoras, aspiradoras...)
- Pilas, baterías de coche, baterías de móbiles
- Medicamentos
- Radiografías
- Roupa e calzado usado
- Tubos fluorescentes, lámpadas especiais (aforradoras, descarga)
- Aceite vexetal
- Aerosois e sprays
- Entullos
- Vidro
- Papel e cartón
- Metais
- Plásticos


LABIRINTO 1.-




LABIRINTO 2.-



LABIRINTO 3.-




LABIRINTO 4.-





galicia



XUNTA
DE GALICIA